



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES DE SAR

RÚA BERNARDO BARREIRO DE V.V., s/n
15702 Santiago de Compostela
TFNO: 881 867 162 FAX 881 867 172
ies.sar@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/iesdesar

PROGRAMACIÓN DE INGLÉS

CURSO 2019 –2020

I.E.S. DE SAR

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
1.1.Centro	3
1.2.Profesorado do Departamento	4
1.3.Grupos, horas de clase e reunións do Departamento	4
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	5
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO	11
3.1.Obxectivos da ESO	11
3.2. Obxectivos de BACHARELATO	13
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	16
4.1. 1º ESO	16
4.1.1.Temporalización e táboa de equivalencias para consultar o nivel de adquisición	23
4.2. 2º ESO	27
4.2.1. Temporalización e táboa de equivalencias para consultar o nivel de adquisición	34
4.3. 3º ESO	40
4.3.1. Temporalización e táboa de equivalencias para consultar o nivel de adquisición	48
4.4. 4º ESO	53
4.4.1 Temporalización e táboa de equivalencias para consultar o nivel de adquisición	64
4.5. 1º BACHARELATO	70
4.5.1. Temporalización e táboa de equivalencias para consultar o nivel de adquisición	80
4.6. 2º BACHARELATO	86
4.6.1. Temporalización e táboa de equivalencias para consultar o nivel de adquisición	94
5. CONCRECCIÓN METODOLÓXICAS	101
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	104
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	105
7.1. Criterios de avaliación e grao mínimo de consecución para superar a materia.	106
8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	112
8.1. Rúbricas	116
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	119
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	120
11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	120
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	120
13. ELEMENTOS TRANVERSAIS	121
14. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR DO CENTRO	124
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	125
16. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC((ESO)/ ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO TIC(BACH)	125
17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN	125
18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA	126

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1.Centro

O Instituto de Educación Secundaria de Sar está ubicado no barrio de Sar, moi preto do centro histórico da cidade e do Parlamento de Galicia. Foi inaugurado en 1993 cando esta zona estaba mal comunicada, pero co desenvolvemento das redes de comunicación e o aumento das vivendas, o barrio foi absorvido pola cidade.

A zona e contorno do instituto configúrase como unha área de novas edificacións intercaladas entre zonas verdes, moi ben comunicada para entrar e saír da cidade. Esta parte da cidade dinamizouse bastante nos últimos anos e aínda está a sufrir cambios xa que neste momento nas súas proximidades se está modificando a estación de tren e construindo a nova estación de autobuses, o que vai supoñer un gran aumento do número de vehículos e persoas nas inmediacións do centro.

O alumnado do centro procede do contorno e do propio barrio de Sar, así como das zonas de Aríns, Belvís, A Trisca, zona do Parlamento e nun lugar destacado a parroquia de Lavacolla. Por ende as familias do noso centro son tanto de carácter urbano como rural e predomina un nivel socioeconómico e sociocultural medio. Contamos ademais cun alto porcentaxe de estudantes inmigrantes nunha situación de desventaxa clara a nivel socio-económico-cultural.

Temos un amplo número de mozos, e algunha que outra moza, que abandonan os estudos ao rematar 2º ESO aos 16 anos, ou ben incorpóranse a FP Básica e tamén a educación de adultos. Dicar que a maioría deste alumnado adoece de carencias graves en destrezas básicas como son a lectura e a escritura.

Ao ser un dos poucos centros da bisbarra onde se estuda o Bacharelato de Artes, acoden aquí moitos rapaces e rapazas doutras zonas que non estudaron a ESO neste instituto. Iso enriquece o centro contribúe a facelo máis diverso.

Tamén hai varios grupos de FP Básica, que constitúen unha fonte de problemas constante, pero o noso departamento non ten que impartir esa materia.

1.2 Alumnado

O perfil do nos alumnado é moi heteroxéneo en canto a nacionalidade (contamos con estudantes de moitos países latinoamericanos e de Marrocos e Palestina, entre outros) e tamén en canto á lingua materna, sen esquecer a capacidade cognitiva. Asemade, debido á falta de interese por aprender e a rexirse polo nulo esforzo un gran número deles presenta carencias de peso no desenvolvemento das competencias xerais. Facer constar que en 1º de ESO o Inglés é a materia onde tiveron máis problemas en Primaria, o que convela que eses grupos sexan especialmente delicados e resulta importante que se poidan facer desdobres. En Bacharelato o perfil amósase algo máis homoxéneo, pero cabe destacar que entre o alumnado de Artes é onde se atopan a meirande parte dos problemas.

Os Centros de Educación Primaria adscritos son:

- C.E.I.P. Ramón Cabanillas,
- C.E.I.P. Mestre Rodríguez Xixirei (Lavacolla),
- C.E.I.P. Apóstolo Santiago,
- C.E.I.P. Vilas Alborada.

No centro impártense as seguintes ensinanzas:

- 1º e 2º Ciclo de ESO
- Bacharelato de Ciencias da Natureza e a Saúde,
- Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades
- Bacharelato de Artes.

ALUMNADO MATRICULADO NO CENTRO

Este curso hai matriculados en inglés 269 estudantes, na ESO 109 alumnos e en Bacharelato 160.

1º ESO		2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH					2º BAC		
A	B	A	A	A	A	B	C	D	E	A	B	C-D
16	16	28	30	31	24	25	20	16	22	16	22	17

FAMILIAS

Salvo contadas excepcións, non adoita haber problemas coas familias. Gran número delas acoden ás reunións de comezo de curso. Normalmente as que non veñen son precisamente as dos alumnos máis problemáticos. A causas aducida é o horario laboral. Non están demasiado implicadas na vida do centro. A maioría acode cando as chamas.

Moitas das familias do alumnado inmigrante son monoparentais. Case sempre estes rapaces viven coa nai, única vía de ingreso familiar e con traballos precarios e que fai que os nenos estean sós toda a tarde.

1.2. Profesorado do Departamento

O Departamento de Inglés do I.E.S. de Sar está formado polos seguintes profesores:

MARÍA ISABEL MATO TORRES	Xefa de Departamento. Profesora con destino definitivo no centro.
EMILIA TOBA QUINTÁNS	Profesora con destino definitivo no centro. Secretaria do centro.
SANTIAGO CONDE SANTOS	Profesor con destino provisional no centro.

1.3. Grupos, horas de clase e reunións do Departamento

Para o curso 2019-2020 hai no I.E.S. de Sar os seguintes grupos:

2 grupo de 1º ESO	6 horas	5 grupos de 1º BACH	15 horas
1 grupo de 2º ESO	3 horas	3 grupos de 2º BACH	9 horas
2 grupo de 3º ESO (desdobre)	6 horas		
1 grupo de 4º ESO	3 horas	TOTAL	48 horas

Os profesores do Departamento de Inglés impartirán no curso 2019-2020 os seguintes niveis:

MARÍA ISABEL MATO TORRES	2 grupos 1º ESO, 1 grupo 2º ESO, 1 grupo 3º ESO, 1 grupo 4º ESO, 1 grupo Valores Éticos 4º ESO= 16 horas.
EMILIA TOBA QUINTÁNS	2 grupos de 2º BAC, 1 grupo de 3º ESO = 9 horas.
SANTIAGO CONDE SANTOS	1 grupo de 2º BAC, 5 grupos de 1º BAC = 18 horas.

As reunión do Departamento

As reunións de Departamento celebraranse polo menos unha vez ao mes. Nelas coordinarase a actuación dos profesores do Departamento, intercambiando materiais e opinións sobre a maneira de impartir as distintas unidades didácticas e unificando criterios sobre a elaboración e avaliación das probas que se farán ao longo do curso.

2.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVES

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

As competencias clave son esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e describen os coñecementos, capacidades e actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

A proposta de aprendizaxe por competencias favorecerá, xa que logo, a vinculación entre a formación e o desenvolvemento profesional e ademais facilita a mobilidade de estudantes e profesionais.

As competencias clave no Sistema Educativo Español son as seguintes:

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender.
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

En cada materia inclúense referencias explícitas arredor da súa achega a aquelas competencias clave ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o grao progresivo de adquisición.

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Con distinto nivel de dominio e formalización -especialmente en lingua escrita-, esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunhas delas e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorécese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En resumo, para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica (a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua).
- O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa axeitada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- O compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe semellarse ao proceso de adquisición da lingua materna para acadar resultados de forma natural e que se poida aplicar no mundo real. Reflexionar de forma consciente sobre a aprendizaxe desa lingua axuda a entender mellor a propia, co cal se pode articular mellor os pensamentos e sentimentos sobre un mesmo e o mundo que nos rodea.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e empregar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

Así pois, para o acaído desenvolvemento da competencia matemática cómpre abordar catro áreas relativas aos números, a álgebra, a xeometría e a estatística, interrelacionadas de formas diversas a través da cantidade, o espazo e a forma, o cambio e as relacións, e a incerteza e os datos.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que subministran un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns/ás responsables e respectuosos/as que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, suscitar e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

Para o axeitado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resultan necesarios coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía. Así mesmo, han de fomentarse as destrezas para utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, e utilizar datos e procesos científicos para acadar un obxectivo.

Han de incluírse actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico, e o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais e á adopción dunha actitude adecuada para acadar unha vida física e mental saudable nunha contorna natural e social.

Os ámbitos que deben abordarse para a adquisición das competencias en ciencias e tecnoloxía son os sistemas físicos, os sistemas biolóxicos, os sistemas da Terra e do Espazo, e os sistemas tecnolóxicos.

Para rematar, a adquisición das competencias en ciencia e tecnoloxía require a formación e práctica na investigación científica e a comunicación da ciencia.

A lingua estranxeira pode axudar a facilitar e expandir o acceso á datos, procedementos e técnicas de investigación, posibilitando un intercambio máis directo e frutífero entre comunidades científicas e propiciando a construción conxunta do saber humano.

3. Competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e se comunicar.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar,

tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación da mesma, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos como técnicos.

Na actualidade moita actividade lingüística realízase a través de medios tecnolóxicos. Estes medios están recollidos no currículo como soportes naturais dos textos orais ou escritos que o alumno ou alumna terá que producir, comprender e procesar, polo que a competencia dixital se entende como parte substancial da competencia comunicativa.

O uso das tecnoloxías da información e comunicación debe ter importantes repercusións na maneira na que as linguas estranxeiras se ensinan e se aprenden, e as necesarias innovacións neste campo han de basearse nun novo concepto da lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente sábese.

4. Aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual, todo o cal chega a desenvolverse a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

O currículo axuda ó alumno ou alumna a desenvolver a capacidade de aprender a aprender comezando por establecer de maneira transparente e coherente os obxectivos ou resultados pretendidos, que teñen que facer os estudantes como falantes dunha lingua estranxeira no uso da mesma, determinando o que precisan aprender para acadar estes obxectivos e indicando as estratexias que poden aplicar para conseguilo. Marcarse obxectivos de diverso carácter segundo as necesidades de construción de perfil persoal de competencias é, así mesmo, o primeiro paso para unha eficiente autonomía que perdure ao longa da vida.

5. Competencias sociais e cívicas

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dun xeito construtivo en distintas contornas sociais e culturais, amosar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo/a e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e amosar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Xa que logo, para o axeitado desenvolvemento destas competencias compre comprender o mundo no que se vive, en todos os seus aspectos sociais, culturais e humanos. Mais tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.

O uso efectivo das linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva das relacións cos demais, visión que se materializa en actitudes de valoración e respecto cara todas as linguas e culturas, cara outras persoas que teñen usos, valores e crenzas diferente dos propios, así como a apreciación do carácter relativo dos costumes, prácticas e ideas, circunstancia que debe entenderse como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución de conflitos de maneira satisfactoria para todas as partes.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarias con criterio propio, co fin de acadar o obxectivo previsto.

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.

Entre os coñecementos que require esta competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.

Para o axeitado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e para rematar, o sentido crítico e da responsabilidade.

O enfoque orientado á acción adoptado no currículo céntrase no alumnado, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e as emprega, tanto para levar a cabo as tarefas de aprendizaxe na aula como as que demanda a comunicación real. Polo tanto, a materia de lingua estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento do sentido da iniciativa, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, desde a súa mesma planificación, o alumno ten que tomar decisións sobre que dicir e como facelo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou correspondentes, todo elo co fin de cumprir co propósito comunicativo que persegue co maior grao posible de éxito.

A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, do control sobre a súa execución e de reparación do mesmo, preparan ao alumnado para asumir as súas responsabilidades, encontrar seguridade nas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutra linguas para afrontar novos retos ou resolver problemas en escenarios complexos, son fundamentais no desenvolvemento do espírito emprendedor.

As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional e o currículo pretende fomentar o espírito emprendedor como actitude na vida incorporando actividades concretas nas que o alumnado aprende a ser cívico, creativo e comprometido tamén neses contextos.

7. Conciencia e expresións culturais

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica, asemade, manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Xa que logo, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o axeitado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, goce e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade en que se vive; e para rematar, o

desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

Tanto as competencias sociais e cívicas como a conciencia e expresións culturais forman parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

3.1. Obxectivos da ESO

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. Nun contexto socioeducativo marcado pola disparidade de niveis económicos e educativos nas familias, o cal repercute de maneira directa no aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é fundamental acadar estes obxectivos que son o fundamento dunha comunidade cohesionada que favoreza un ambiente óptimo a aprendizaxe e o desenvolvemento.

b) Partindo da devandita heteroxeneidade socioeducativa, o noso centro debe actuar como corrector de ditas desigualdades para o cal un obxectivo primordial é desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. Nunha coxuntura cunha marcada desigualdade de acceso ao traballo entre homes e mulleres, así como a descompensación manifesta do seu salario, o noso centro educativo debe atender especialmente a fortalecer os valores de igualdade de dereitos e desbotar calquera actitude machista xa dende o propio proceso educativo, ensinando una mensaxe de igualdade desde una institución estatal fortalecendo a que as familias envían aos alumnos e alumnas ou, no caso de que esta mensaxe non chegue desde o ámbito familiar, actuar como corrector de dita situación. Debemos lembrar que o peso da sociedade tradicional patriarcal na contorna do noso centro é aínda moi notable nalgúns casos.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. O acceso competente ás posibilidades da oferta educativa e profesional vía Educación Secundaria Obrigatoria comeza coa adquisición de estas capacidades polo que debemos poñer especial celo en preparar aos nosos alumnos e alumnas para a súa adquisición.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas como vía fundamental a hora de construír climas de acollemento e cohesión grupal fundamentais a hora de previr conflitos e favorecer así un contexto de aprendizaxe plural. Da mesma maneira incluír aquí o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, para poder apreciar de maneira máis inmediata os exemplos que se atopan dentro do ámbito xeográfico e poboacional do centro educativo e a súa riqueza, o cal redonda no fortalecemento da autoestima do alumnado así como fortalece igualmente seus vínculos con dito espazo. Participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Nun contexto socioeconómico claramente marcado por una oposición entre os núcleos

propriadamente rurais cun alto número de familias galegofalantes fronte os núcleos de maior extensión centrados na actividade turística de maioría castelanfalantes, os alumnos e alumnas han de coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural neste devandito contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas ou variantes da mesma, en especial a comunidade latinoamericana, unha das múltiples comunidades emigrantes que posúen representación no noso centro.

O ensino da lingua estranxeira nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. escoitar e comprender información xeral e específica oral en distintas situacións comunicativas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación co falante.

2. Comunicarse oralmente en situacións habituais de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.

3. Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

4. Escribir textos sinxelos con fins diversos sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.

5. Utilizar eficazmente os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

6. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionando sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transferindo á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

7. Buscar, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito na lingua estranxeira utilizando todos os medios ao seu alcance, (bibliotecas, tecnoloxías da información e a comunicación e as estratexias de aprendizaxe).

8. Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

9. Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na propia capacidade de aprender e usar a lingua estranxeira.

10. Coñecer os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, establecer relación entre aspectos culturais deses países e os propios rexeitando estereotipos negativos

3.2. Obxectivos de BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

As capacidades recollidas nos tres anteriores epígrafes son fundamentais á hora de construír os alicerces dunha comunidade cohesionada que poda autorreproducirse mellorando o clima socioeducativo do noso centro. Os nosos alumnos e alumnas formarán nun futuro inmediato a nova xeración de cidadáns de pleno dereito que xogarán un papel clave na nosa comunidade, tanto política como socioeducativa.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras. Tendo en conta que a principal actividade económica do entorno do noso centro, situado na capital de Galicia, é o turismo, é fundamental dotar destas ferramentas ao noso alumnado, sen esquecer que para o ámbito universitario é moi necesario o manexo das linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. Debemos de ter en conta sempre que preparamos desde o bacharelato a futuros alumnos universitarios e de ciclos formativos superiores polo que este obxectivo é fundamental. O noso alumnado goza dunha ampla oferta de formación tanto científica coma tecnolóxica, situada na USC, así como numerosos ciclos formativos superiores localizados na propia provincia. Polo que a consecución de dito obxectivo en alto grado é fundamental para garantir o éxito académico posterior que repercutirá a medio e longo prazo no propio desenvolvemento económico do ámbito do noso centro a través da

preparación de profesionais cualificados e competentes.

l) Debemos facer comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego e a súa propia comarca.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico. Estas capacidades son esenciais a hora do desenvolvemento persoal así como no acceso ao mercado laboral ou en estudos superiores, por non esquecer a propia actividade empresarial.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural. Tendo en conta que contamos cun gran número de estudantes de Artes este obxectivo é especialmente axeitado para o noso centro. Estas capacidades están destinadas tanto a formación persoal como a profesional e pública, nunha contorna moitas veces depredada polo urbanismo descontrolado, ausente nun gran número de casos dun patrón estético respectuoso con entorno histórico-artístico e natural, é indispensable a formación estética e crítica dos futuros cidadáns de pleno dereito para que dita dinámica poda chegar a romperse.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables. Debemos ter en conta que o noso centro, xunto con outros da cidade tivo varios incidentes por temas de droga, así que debemos estar alerta polos elevados índices de hábitos tóxicos como o tabaquismo, alcoholismo, sedentarismo, obesidade, entre outros, que azotan Galicia.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria. Nunha cidade como Santiago, onde se dan bastantes casos de atropelos, cobra especial relevancia esta capacidade. O uso do transporte, tanto público como privado, é indispensable para a mobilidade na nosa contorna, polo que formar individuos concienciados redundará de maneira especialmente positiva, tendo en conta que un amplísima porcentaxe do noso alumnado non reside no centro urbano.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. Os nosos alumnos e alumnas han de ser conscientes do importante que é a conservación de todos estes elementos por si mesmos e como aportación a conservación global.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DOS SEGUINTE ASPECTOS: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, COMPETENCIAS CLAVE E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

4.1. 1ºESO

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS						
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN		
				1ºAv	2ºAv	3ºAv
PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Probas obxectivas 	X	X	X
PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	<ul style="list-style-type: none"> Capta os puntos principais de mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Probas obxectivas 	X	X	X
PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	<ul style="list-style-type: none"> Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Probas obxectivas 	X	X	X
PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica o sentido xeral dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Probas obxectivas 	X	X	X

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	<ul style="list-style-type: none"> Comprende unha conversa informal sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Probas obxectivas 	X	X	X
PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	<ul style="list-style-type: none"> Esforzase por Identificar a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Probas obxectivas 	X	X	X

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN		
				1ª Av	2ª Av	3ª Av
PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	<ul style="list-style-type: none"> Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	X	X	X
PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	<ul style="list-style-type: none"> Intenta facer presentacións moi breves e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula Escala de estimación de respostas orais: expresión, comunicación, vocabulario, fluidez, pronuncia, etc. 	X	X	X
PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	<ul style="list-style-type: none"> Desenvólvese con algunha dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento) 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> Observación na aula 	X	X	X

PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	<ul style="list-style-type: none"> • Intenta establecer contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación na aula 	X	X	X
PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que ha de seguir para realizar unha actividade conxunta.	<ul style="list-style-type: none"> • Participa en conversas informais cara a cara, e, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación na aula 	X	X	X
PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Colabora coas demais persoas na interacción e realización de tarefas e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación na aula 	X	X	X

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	COMPETENCIAS CLAVE	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	TEMPORALIZACIÓN		
				1ª Av	2ª Av	3ª Av
Comprende perfectamente todas as ideas principais e todos os detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade.	Comprende case todas as ideas principais e case todos os detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade.	Cústalle comprender as ideas principais e os detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade.	Non comprende as ideas principais nin os detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade.
Comprende perfectamente todos os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade.	Comprende case todos os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade.	Cústalle comprender case todos os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade.	Non comprende os puntos principais nin os detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

Conségueo	Non o consegue totalmente	Conségueo con dificultade	Non o consegue
Fai correctamente presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema académico, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde sen problemas preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.	Fai presentacións máis ou menos estruturadas e de certa duración sobre un tema académico, coa suficiente claridade como para que se poida seguir boa parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas con certa precisión, e responde preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.	Fai presentacións estruturadas con dificultade e de certa duración sobre un tema académico, con pouca claridade como para que se poida seguir e cuxas ideas principais estean explicadas con pouca precisión, e non é de todo capaz de responder preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.	Non é capaz de facer presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema académico, coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e non é capaz de responder preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.

<p>Desenvólvese correctamente e con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, expoñendo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p>	<p>Desenvólvese con certa eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, expoñendo os seus razoamentos e puntos de vista con suficiente claridade e seguindo máis ou menos as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p>	<p>Desenvólvese con dificultade en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, expoñendo os seus razoamentos e puntos de vista con pouca claridade e seguindo con dificultade as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p>	<p>Non se desenvolve en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, nin en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo, sen ser capaz de expoñer os seus razoamentos e puntos de vista con claridade nin seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.</p>
<p>Participa activamente e con eficacia en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrécese e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e proxectos.</p>	<p>Participa case sen dificultade en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con algún detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrécese e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles con algunha dificultade as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e proxectos.</p>	<p>Participa con dificultade en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con pouco detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e non é capaz de todo de responder a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; apenas é capaz de contar historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; cústalle facer ofrecementos e interesarse por opinións persoais sobre temas do seu interese; ten dificultade para facer comprensibles as súas opinións e reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; cústalle expresar con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, e explicar e xustificar as súas opinións e proxectos.</p>	<p>Non é capaz de participar con eficacia en conversacións informais cara a cara, por teléfono ou outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle experiencias, feitos, sentimentos e reaccións, esperanzas e ambicións, soños, e non responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, interese ou a indiferenza; non conta historias, nin o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; non pode ofrecerse nin se interesa por opinións persoais sobre temas do seu interese; non é capaz de facer comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; non expresa con amabilidade crenzas, acordos e desacordos, non xustifica e explica e as súas opinións e proxectos.</p>
<p>Participa adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos</p>	<p>Participa, aínda que a miúdo teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos coma concretos de temas</p>	<p>Cústalle participar, e ten que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida constantemente, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos abstractos e concretos de</p>	<p>Non é capaz de participar, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos coma concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, etc.</p>

<p>coma concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de modo coherente as súas opinións, plans e suxestións sobre futuras actuacións.</p>	<p>cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista, e xustificando con algo de detalle e de modo máis ou menos coherente as súas opinións, plans e suxestións sobre futuras actuacións.</p>	<p>temas cotiáns e menos habituais nestes contextos pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista con pouca claridade, e xustificando con pouco detalle e de modo pouco coherente os seus plans, opinións e suxestións sobre futuras actuacións.</p>	
---	---	--	--

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Conségueo	Non o consegue totalmente	Conségueo con dificultade	Non o consegue
<p>Comprende perfectamente instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade.</p>	<p>Comprende case sen problemas instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade.</p>	<p>Cústalle comprender instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade.</p>	<p>Non comprende instrucións de certa complexidade e extensión dentro da súa área de interese ou da súa especialidade.</p>
<p>Entende perfectamente todos os detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico.</p>	<p>Entende case todos os detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico.</p>	<p>Entende con dificultade os detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico.</p>	<p>Non entende os detalles relevantes nin as implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e académico.</p>
<p>Comprende perfectamente correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información e ideas; pregúntase sobre problemas e explícase con bastante precisión e descríbense de modo claro e detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos coma concretos de temas do seu interese.</p>	<p>Comprende case sen problemas correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información e ideas; pregúntase sobre problemas e explícase con razoable precisión, e descríbense de modo bastante claro e detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos coma concretos de temas do seu interese.</p>	<p>Cústalle comprender correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmiten información e ideas; pregúntase sobre problemas e explícase con pouca precisión, e descríbense de modo pouco claro e detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos coma concretos de temas do seu interese.</p>	<p>Non comprende correspondencia persoal en ningún soporte, nin mensaxes en foros e blogs, nos que se transmite información e ideas; non se pregunta sobre problemas e non é capaz de explicalos con precisión, nin se describen reaccións, experiencias, plans, sentimentos, feitos, e aspectos abstractos e concretos de temas do seu interese.</p>
<p>Comprende perfectamente información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas.</p>	<p>Comprende case toda a información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas.</p>	<p>Comprende con bastante dificultade a información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas.</p>	<p>Non comprende a información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas.</p>
<p>Comprende perfectamente o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis</p>	<p>Comprende case ao completo o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis</p>	<p>Cústalle comprender o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis</p>	<p>Non comprende o sentido xeral, os puntos principais nin os detalles relevantes en</p>

relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua.	relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua.	relevantes en noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua.	noticias e artigos xornalísticos nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese e redactados nunha variante estándar da lingua.
Entende perfectamente a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese académico ou ocupacional en diferentes formatos.	Entende case sen problemas a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese académico ou ocupacional en diferentes formatos.	Ten dificultade para entender a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese académico ou ocupacional en diferentes formatos.	Non entende a información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, nin a información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese académico ou ocupacional en diferentes formatos.
Segue moi ben a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos distintos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.	Segue sen moita dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende case na súa totalidade o carácter dos distintos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.	Segue con dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e cóstalle comprender o carácter dos distintos personaxes e as súas relacións, aínda que uns e outras estean descritos claramente e co suficiente detalle.	Non segue a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, na variedade estándar da lingua, e non é capaz de comprender o carácter dos distintos personaxes nin as súas relacións, aínda que estean descritos claramente e co suficiente detalle.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Conségueo	Non o consegue totalmente	Conségueo con dificultade	Non o consegue
Completa correctamente un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral.	Completa con algúns erros un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral.	Completa con dificultade un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral.	Non é capaz de completar un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral.
Escribe correctamente, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo, detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e destinatario específicos.	Escribe con algúns erros, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo, detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e destinatario específicos.	Escribe con bastantes erros, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo, detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e destinatario específicos.	Non é capaz de escribir un currículo, en calquera soporte e formato convencional, detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e destinatario específicos.
Toma notas de forma correcta, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta perfecta-	Toma notas con algúns erros, facendo unha lista de aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta tamén con erros un	Toma notas con bastantes erros, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta tamén con bastantes	Non é capaz de tomar notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, nin redacta un breve

mente un breve resumo coa información esencial.	breve resumo coa información esencial.	erros un breve resumo coa información esencial.	resumo coa información esencial.
Escribe perfectamente notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta.	Escribe con algúns erros notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta.	Escribe con bastantes erros notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta.	Non é capaz de escribir anuncios, mensaxes, notas, nin comentarios, en ningún soporte, nos que se quere transmitir e solicitar información relevante e opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais, respectando as convencións e normas de etiqueta e cortesía.
Escribe perfectamente, nun formato convencional, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual, describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.	Escribe con algúns erros, nun formato convencional, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual, describindo con certo detalle situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.	Escribe informes breves con bastantes erros, nun formato convencional, nos que dá información sobre tema académico, ocupacional, ou menos habitual, tratando de describir situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia pouco coherente; explicando máis ou menos os motivos de certas accións, e ofrecendo de forma pouco clara opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.	Non é capaz de escribir, nun formato convencional, informes breves para dar información sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual, tratando de describir situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia pouco coherente, etc.
Escribe correctamente correspondencia persoal e participa activamente en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información, pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.	Escribe con algúns erros correspondencia persoal e participa sen moitos problemas en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información, pregunta sobre problemas e explícaos con certa precisión, e describe, de maneira máis ou menos detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.	Escribe con bastantes erros correspondencia persoal e cústalle participar en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos; non é capaz de comprobar toda a información nin de preguntar sobre problemas, nin describe de todo experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans nin temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.	Non é capaz de escribir correspondencia persoal nin de participar en foros e blogs nos que ten que transmitir información e ideas sobre temas abstractos e concretos, e tampouco é capaz de comprobar toda a información nin de preguntar sobre problemas, nin de describir experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans nin temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.
Escribe correctamente, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista	Escribe con algúns erros, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista	Escribe con bastantes erros, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que trata de dar e solicitar información relevante, e case non pode	Non é capaz de escribir, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que trata de dar e solicitar información relevante, e non é quen de

pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, académico ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, académico ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	expresar puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, laboral ou académico, sendo apenas capaz de acatar as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.	expresar puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, académico ou laboral, non sendo capaz de respectar as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.
---	---	---	---

5. CONCRECCIÓNS METODOLÓXICAS

ESO

Utilizarase unha metodoloxía activa que toma ao alumno como protagonista da clase.

- Trátase de conseguir que o alumno non sexa un elemento pasivo e receptivo senón que teña a oportunidade de participar en todas as actividades da aula.

O profesor deixa de ser o centro da clase para se converter nun colaborador e facilitador da aprendizaxe.

O triple papel do profesor será:

- proporcionar oportunidades.
- propiciar a reflexión a través de actividades.
- facilitar a elaboración de conclusións.

Tendo en conta que o obxectivo fundamental do ensino da lingua estranxeira é desenvolver ao máximo a competencia comunicativa do alumnado en inglés, é obvio que para conseguilo estes deberán comunicarse na aula na lingua estudada.

Para iso deberanse crear na aula situacións de comunicación o máis reais posibles. A interacción entre profesor e alumno é a situación comunicativa máis real de todas.

O profesor deberá comunicarse co alumnado e estes entre si en inglés para levar a cabo as distintas actividades de aula tales como, facer comentarios sobre o instituto, o seu entorno.... Agora ben, o estudante deberá empregar o inglés en outras situacións relacionadas co mundo exterior. Para iso o profesor proporcionará actividades ou tarefas que simulen ditas situacións.

O enfoque metodolóxico variará en función da idade e madurez do alumnado. Comezaremos con actividades deseñadas para averiguar os coñecementos previos, axudándolles a organizar os seus cadernos de vocabulario, gramática etc e fomentarse o emprego correcto de materiais de consulta, internet, dicionarios, etc.

Os alumnos terán a oportunidade de ler textos sobre unha grande variedade de temas.

As actividades que acompañarán aos textos e que se realizarán antes, durante e despois da lectura terán como obxectivo fundamental potenciar boas estratexias á hora de enfrentarse a un texto. Aparte de textos curtos, seleccionamos libros de lecturas graduadas para todos os cursos da E.S.O. Preténdese desta forma potenciar a lectura como fonte de pracer.

As estruturas gramaticais que se estuden en cada unidade serán presentadas dentro dun contexto e serán practicadas a nivel oral e escrito.

Os alumnos elaborarán a través dunha serie de actividades proporcionadas polo profesor as súas propias regras gramaticais. Unha vez analizada a estrutura gramatical obxecto de estudo, os alumnos farán prácticas sobre ela por medio de actividades diversas .

Para desenvolver e mellorar a súa capacidade de comprensión auditiva o alumnado realizará exercicios de “listening” que inclúan diálogos, entrevistas, historias... Faremos exercicios de diverso tipo antes, durante e despois do “listening”.

Para acadar a súa participación de modo espontáneo, o profesorado conta con actividades orais como diálogos, entrevistas, noticias, descrições, “roleplay”, etc.

Polo que respecta ao inglés escrito, xunto ós exercicios correspondentes ás leccións nas que se van practicando os diferentes puntos gramaticais con exercicios de “multiple choice”, “fill in the gaps”, traducción directa e inversa, desenvolveranse unha serie de exercicios cara á adquisición de soltura e seguridade nunha lingua extranxeira, como son dictados, composicións, lectura e comentarios de noticias , redacción de resumes, escritura de cartas, cumplimentación de follas de instruccións, etc. As composicións veñen sendo un dos exercicios máis difíciles para os alumnos; non só requiren un esforzo imaxinativo senón que tamén teñen que escribir sen fallos ortográficos ou gramaticais.

O tratamento da información vaise traballar desde esta área como un contido específico a través de actividades que requiran do alumnado o manexo de fontes informativas en inglés, soportes e modelos lingüísticos e o seu procesamento e presentación posterior. Da mesma maneira a contribución á competencia dixital vai ser continua, desde o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, blogs, etc., pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, internet, ... ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de software específicos, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

En canto á organización da aula, aparte do traballo individual, cremos que o traballo en parellas e grupos pode ser unha forma de conseguir que os alumnos practiquen o inglés tanto escrito como oral e de crear un clima de colaboración e compañeirismo.

O factor lúdico é un elemento que temos moi en conta pois ten gran importancia na vida dos estudantes, non só dos máis novos, porque establece unha conexión entre as súas actividades usuais na casa e na veciñanza coas que se desenvolven na aula. As actividades lúdicas teñen a vantaxe de posuír esquemas coñecidos de antemán polos alumnos e alumnas e proporcionan un cadro familiar para desenvolver a nova aprendizaxe. Tamén permiten a creación dun contexto compartido e recoñecido por todos que permite ao alumnado incluír novos elementos en algo que xa dominan.

Intentaremos que as actividades sexan interesantes, significativas e estean centradas no alumnado. Dende o momento en que convertemos ao alumnado no centro da aprendizaxe é lóxico que as actividades seleccionadas para o ensino-aprendizaxe reflectan os seus intereses e necesidades; deste xeito terán que ser significativas para eles e relacionaranse con experiencias concretas da súa vida cotiá.

Intentaremos integrar o coñecido co novo. Como parte do proceso metodolóxico pódese incluír un elemento de reflexión no que o adolescente sexa conducido periodicamente a unha

síntese persoal do que está aprendendo. Este proceso de reflexión está orientado a facelo consciente da relación que hai entre o que está aprendendo e o que xa sabe. O adolescente coñece é o uso da súa propia lingua e polo tanto debemos considerar a lingua materna como un recurso valioso para facilitar o acceso a lingua estranxeira.

Tamén queremos que a nosa metodoloxía sexa rica en contidos culturais. A lingua e a cultura son elementos inseparables. O uso de metodoloxías que faciliten o achegamento das culturas asociadas coas linguas estranxeiras é moi importante, xa que as linguas son a mellor ventá as culturas dos pobos que as falan. A familiaridade coa cultura estranxeira permite unha máis xusta valoración da propia, pero tamén a comprensión, o respecto, o aprecio e a tolerancia pola cultura foránea.

E por último, pero non menos importante, usaremos unha metodoloxía que valore os factores afectivos. Tendo en conta o papel primordial que xoga a afectividade no desenvolvemento da persoa, é importante a creación dun ambiente que permita a igualdade de condicións para alumnos e alumnas que lles infunda confianza e cree as condicións apropiadas para que adquiran progresivamente autonomía e creatividade na lingua estranxeira.

BACHARELATO

O alumnado que se incorpora ás ensinanzas de bacharelato, en calquera das súas modalidades, posúe unha serie de competencias imprescindibles para a aplicación dos saberes adquiridos que foron desenvolvidas ao longo das etapas do ensino obrigatorio. As metodoloxías comunicativas axudan a reproducir na clase as situacións de uso en contextos auténticos, o que incide no impulso da autonomía personal ao tempo para desenvolverse nelas, e achegan o apoio de procesos de aprendizaxe (traballo previo do vocabulario, das estruturas, dos contidos sociolingüísticos; reflexión sobre as estratexias de comunicación e de aprendizaxe, etc.) que han de posibilitar a realización das tarefas comunicativas propostas. A utilización de calquera dos enfoques metodolóxicos comunicativos polos que opte o profesorado levarao a percorrer un itinerario de planificación dos procesos de ensino e de aprendizaxe inverso ao seguido no ensino de idiomas baseado en contidos lingüísticos (léxicos, nociofuncionais e morfosintácticos), que partía da lingua para abordar as actividades. Os contidos introducíranse, entón, en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica; O enfoque debe estar baseado na acción, na actividade social, no uso da lingua, tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco común europeo de referencia para as linguas. Neste enfoque, a selección de contidos lingüísticos deriva directamente da actividade de uso da lingua que se vaia realizar.

Seguiremos as seguintes concrecións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado e construír paulatinamente os novos contidos a través de actividades de adquisición, repaso e reforzo, así como relacionar os contidos curriculares coa vida cotiá próxima ao alumnado co obxectivo de crear interese e motivación.

- Desenvolver a reflexión e o espírito crítico para fomentar a capacidade de razoamento e as iniciativas persoais.

- Crear un clima escolar de aceptación mutua e de cooperación. Potenciar as metodoloxías activas e participativas, combinando o traballo individual e o cooperativo. Facer un uso habitual

das TIC.

- Proporcionar os medios necesarios para acadar unha atención individualizada, desenvolvendo as medidas de reforzo, agrupamento e adaptacións curriculares que sexan precisas.

- Diversificar os instrumentos de avaliación e potenciar o seu carácter formativo e recalcar o papel facilitador do profesorado.

- Favorecer a reflexión e a intuición para conseguir que o alumnado teña unha iniciativa investigadora.

- Potenciar a lectura e a busca de información e tratamento da información como fonte de coñecemento e entretemento.

- Fomentar habilidades no alumnado para que sexa capaz de continuar a aprendizaxe de forma autónoma.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os libros de texto que se empregarán neste centro no curso 2019-2020 son os seguintes:

1º ESO	BUILD UP ESO 1 by Caroline McDonald, Laura Norcott, Burlington Books
2º ESO	BUILD UP ESO 2 by Caroline McDonald, Laura Norcott, Burlington Books
3º ESO	ALL CLEAR ESO 3 by Patrick Howarth, Patricia Reilly and Daniel Morris, McMillan
4º ESO	ALL CLEAR ESO 4 by Patrick Howarth, Patricia Reilly and Daniel Morris, McMillan
1º BACH	CONTRAST 1 by Alan Williams and Margaret Baines, Burlington Books.
2º BACH	CONTRAST 2 by Alan Williams and Margaret Baines, Burlington Books.

O Departamento de Inglés dispón dos seguintes **recursos materiais**:

Varios radiocasetes.

Un ordenador de sobremesa.

Un portátil.

Material didáctico variado para o desenvolvemento das destrezas como cintas de cassette, videos, dicionarios,...

Por outra banda, o centro dispón dunha aula de desdobre con cañón e pizarra dixital que usamos cando hai desdobres, unha biblioteca (con gramáticas, libros de consulta e libros de lectura en Inglés a disposición do alumnado) e dúas ou tres aulas de ordenadores(de difícil, pero non imposible dispoñibilidade) para as clases de inglés.

Todas as aulas do centro dispoñen de ordenador, cañón e pizarra dixital onde usar libros dixitais.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Levaremos a cabo varios tipos de avaliación:

- avaliación diagnóstica
- formativa
- sumativa
- auto avaliación
- coavaliación

A avaliación diagnóstica faresha a principios de curso para coñecer o nivel real de cada grupo nas distintas destrezas. A avaliación dos coñecementos previos realizámola antes de comezar cada unidade, utilizando os obxectivos primordiais e preguntando ós alumnos o que saben de cada un e cales pensan que deberían traballar máis.

Tamén avaliamos o progreso dos alumnos nun período de tempo, é dicir, facemos unha avaliación formativa. Se un alumno que ten un nivel baixo ve cómo progresa e que o seu esforzo e tido en conta a pesar de non chegar ó aprobado, sentirase máis motivado a continuar traballando para tratar de conseguilo. Ademais serve para reconducir o proceso antes de que sexa demasiado tarde na avaliación sumativa final. Faremos uso dos tests de cada unidade para observar cómo progresan os alumnos, en canto ós contidos lingüísticos, dunha unidade á seguinte.

Finalmente, a avaliación sumativa axuda a saber ata ónde chegou un alumno no proceso de ensino- aprendizaxe.

Utilizaremos a autoavaliación ao final de cada trimestre e a coavaliación en aspectos puntuais como a representación de diálogos.

Mediante a avaliación chegaremos a unha valoración do aproveitamento dos alumnos, e obteremos datos esenciais para axudarlles na súa recuperación. Determinaremos tamén o grao en que se acadaron os obxectivos propostos así como a necesidade de modificar ou non as actividades e o material.

A avaliación atenderá os seguintes principios:

- Será unha operación continua, sistemática, flexible e funcional e integradora.
- Consideraranse os hábitos, destrezas e aptitudes do alumno no seu proceso de comprensión, expresión e creación o mesmo que a súa participación activa na clase.
- Avaliarase a capacidade dos alumnos para comunicarse nun ámbito próximo, acerca das necesidades materiais e relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais, así como sobre a organización da clase.
- Avaliarase a capacidade de comprensión do esencial de materiais gravados.
- Avaliarase a capacidade de desenvolverse oralmente en situacións interactivas e de utilizar as estratexias e recursos que aseguren a comunicación co profesor, os compañeiros, ou un nativo para expresar gustos, necesidades, sentimentos, dar o pedir información, opinións e relatar experiencias.
- Avaliarase a capacidade do alumno para ler textos con sentido completo, pertencentes á prensa e á vida cotiá, relacionados coa cultura e a sociedade dos países nos que se fala o inglés, así como revistas, e libros referidos a temas variados tales como deportes, música, e relatos.
- Avaliarase a capacidade do alumno para comunicarse por escrito de forma ordenada e

concisa.

- Avaliarase a capacidade do alumno para distinguir e recoñecer a corrección formal, a coherencia das ideas expresadas e a adecuación do discurso á situación de comunicación en textos orais e escritos e para aplicar as regras e estratexias necesarias en súas propias comunicacións.

- Avaliarase se o alumno adquiriu as claves básicas que rexen o intercambio comunicativo, adecuando o seu rexistro ó interlocutor e á situación.

7.1. Criterios de avaliación e grao mínimo de consecución para superar a materia

A continuación detállase por curso os mínimos esixibles para superar a materia, clasificados segundo os cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua.

Estas aprendizaxes mínimas deberán acadarse ao finalizar o curso. Ao longo das diferentes unidades o profesorado realizará situacións de aprendizaxe-avaliación diversas que evidencien a adquisición progresiva de ditos mínimos.

1º ESO	
Bloque 1	<ul style="list-style-type: none">● <i>Identificar a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articulado pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.</i>
Bloque 2	<ul style="list-style-type: none">● <i>Facer presentaciónns moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual en distintos soportes multimedia que lle permiten ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responder preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none">● <i>Entender información específica esencial en textos de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</i>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none">● <i>Elaborar textos breves nos que expón actividades da vida diaria, expresar sentimentos, gustos ou preferencias, cun dominio sintáctico-morfolóxico adecuado ao nivel.</i>● <i>Facer unha presentación coitada de ditos textos escritos.</i>
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none">● <i>Utilizar o inglés habitualmente nas intervencións nas actividades de aula(classroom language) establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformular, rectificar ou pedir aclaración se fose necesario.</i>● <i>Comunicar con eficacia, comprender e utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</i>

2º ESO

Bloque 1	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Escoitar e comprender mensaxes orais de progresiva dificultade relacionados coas actividades habituais.</i> ● <i>Obter información xeral e específica de textos orais.</i> ● <i>Usar estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal.</i> ● <i>Comprender o sentido dun texto e reformulación na propia lingua.</i> ● <i>Recoñecemento de produción de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</i>
Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Recoñecer e pronunciar fonemas de especial dificultade.</i> ● <i>Producir mensaxes orais breves e coherentes e cunha pronuncia que non dificulte a comunicación.</i> ● <i>Participar en situacións reais ou simuladas de comunicación en todo tipo de interaccións dentro da aula.</i> ● <i>Desenvolver de estratexias de comunicación para superar as interrupcións na comunicación</i> ● <i>Valorar positivamente as intervencións orais propias e alleas.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Asociar de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</i> ● <i>Comprender información xeral e específica en diferentes tipos de texto.</i> ● <i>Iniciativa para ler de xeito autónomo textos de certa extensión.</i> ● <i>Uso de estratexias de comprensión lectora coa axuda de elementos textuais e non textuais.</i> ● <i>Recoñecer e iniciar o uso dalgunhas fórmulas que diferencian a linguaxe formal e informal nas comunicacións escritas.</i> ● <i>Comprender o sentido dun texto e reformulación na propia lingua.</i> ● <i>Identificar elementos morfolóxicos no uso da lingua: substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, preposición, etc.</i>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Usar estruturas e funcións máis habituais.</i> ● <i>Redactar distintos textos coa axuda de modelos.</i> ● <i>Presentar coidadamente os textos escritos usando as regras básicas de ortografía e puntuación.</i> ● <i>Ampliar expresións comúns, de frases feitas e de léxico.</i> ● <i>Ampliar estratexias para utilizar o léxico. Reflexión sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.</i> ● <i>Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na</i>

	<p><i>aprendizaxe.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Participar activa e cooperativamente en actividades e traballos grupais.</i>
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Aspectos socioculturais e consciencia intercultural.</i> ● <i>Identificación dos principais costumes propios doutros países.</i> ● <i>Coñecemento dos acontecementos culturais diversos de tipo histórico, aspectos xeográficos ou literarios dos países anglófonos.</i> ● <i>Respecto pola lingua inglesa en comparación coa galega.</i>

3º ESO	
Bloque 1	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Distingue co apoio da imaxe o sentido xeral de información sobre temas do seu interese así como de conversas formais e informais entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, sempre que o tema lle resulte coñecido e o discurso se articule con claridade, velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.</i>
Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Nas actividades de aula persevera no uso do inglés cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. Asímesmo fai presentacións breves e ensaiadas ben estruturadas e con apoio visual sobre temas do seu interese.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprende o esencial de historias de ficción breves e ben estruturadas así como de textos en calquera formato no que se fala de sí mesmo/a, descríbense persoas, obxectos e lugares, nárranse acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, exprésanse sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</i>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas acción, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática. Faino cunha presentación coidada, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</i>
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Desenvólvese na maioría das actividades da aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación comprensible e utilizando un rexistro estándar, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.</i>

4º ESO	
Bloque 1	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Escoitar e comprender mensaxes orais de progresiva dificultade media coas actividades habituais.</i> ● <i>Obter información xeral e específica de textos orais.</i> ● <i>Comprender o sentido dun texto e reformulación na propia lingua.</i>

Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Participar en situacións reais ou simuladas de comunicación en todo tipo de interaccións dentro da aula.</i> ● <i>Desenvolver estratexias de comunicación para superar as interrupcións na comunicación</i> ● <i>Producir mensaxes orais coherentes e cunha pronuncia que non dificulte a comunicación.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprender a información xeral e específica en diferentes tipos de texto.</i> ● <i>Comprender textos escritos de xeito autónomo.</i> ● <i>Usar estratexias de comprensión lectora coa axuda de elementos textuais e non textuais.</i>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Usar fórmulas que diferencian a linguaxe formal e informal.</i> ● <i>Redactar textos de distintos tipos coa axuda de modelos, facer unha presentación coidada dos textos escritos usando as regras básicas de ortografía e puntuación.</i>
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Asociar grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</i> ● <i>Identificar e coñecer elementos morfolóxicos no uso da lingua.</i> ● <i>Coñecer o léxico básico das unidades didácticas e/ou proxectos traballados.</i> ● <i>Usar as estruturas e funcións máis habituais.</i> ● <i>Reflexionar sobre o uso e o significado das formas gramaticais axeitadas a distintas intencións comunicativas.</i> ● <i>Participar en actividades de avaliación compartida e uso de estratexias de autocorrección.</i> ● <i>Interesarse por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.</i> ● <i>Participar activa e cooperativa en actividades e traballos grupais.</i> ● <i>Confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.</i> <p>Coñecementos lingüísticos. Funcións da linguaxe:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Present simple vs. present continuous, - Like/enjoy/hate+ -ing, - Adverbs of frequency, - Past simple, - Past simple vs. Past continuous, - Used to, - Present perfect : for/since/just/yet/already,

	<ul style="list-style-type: none"> - Present perfect vs. Past simple, - Future : will / going to / present continuous, - Modal verbs, - Comparatives and superlatives, - First , second and third conditional, - Relative clauses, - Passive: simple present and past

1º BACHARELATO	
Bloque 1	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprender información xeral e específicas dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar.</i>
Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.</i> ● <i>Facer presentacións propostas con antelación, ben estruturadas con apoio visual e/ou tecnolóxico sobre un tema educativo coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responder a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprender o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos escritos relacionados con temas de estudo/cotiáns/de actualidade redactados nunha variedade estándar da lingua.</i>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Escribir, en calquera soporte, textos coherentes e cohesionados, adecuados á función requerida, con corrección ortográfica, de puntuación, mantendo a orde correcta dos elementos discursivos e na presentación do escrito.</i>
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Participar en proxectos relacionados cos elementos transversais nos que se emprega o inglés e outras linguas valorando o plurilingüismo.</i> ● <i>Desenvolverse nas actividades de aula empregando “classroom language”, como medio de comunicación e entendemento evitando estereotipos e/ou discriminación lingüístico ou cultural.</i> ● <i>Utilizar o inglés como instrumento de acceso á información procedente de diferentes fontes, como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.</i>

2º BACHARELATO	
Bloque 1	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprender o significado xeral e específico de conferencias e discursos sobre temas concretos e con certa abstracción dentro do campo de interese xeral e</i>

	<p><i>académico do alumnado.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprender a comunicación interpersonal sobre temas de uso cotián, de interese xeral e temas abstractos, co fin de contestar no momento.</i>
Bloque 2	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Producir mensaxes orais diversas sobre asuntos relacionados cos seus intereses e presentacións preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, con razoable corrección gramatical e unha adecuada pronuncia.</i> ● <i>Expresar puntos de vista sobre un tema coñecido.</i> ● <i>Utilizar estratexias para producir textos orais de distinto tipo planificando o discurso según a circunstancia.</i>
Bloque 3	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Comprender información xeral, específica e detallada en xéneros textuais diversos, referidos a unha variedade de temas.</i> ● <i>Identificar o propósito comunicativo, distinguindo as partes do texto.</i> ● <i>Leer autónomamente textos diversos relacionados cos intereses académicos, persoais e profesionais futuros.</i>
Bloque 4	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Escribe diferentes tipos de textos, redactar textos diversos (narrativo, descriptivo, , argumentativo, expositivo, de opinión, carta-email) sobre temas persoais, actuais e de interese académico, con claridade, corrección gramatical e adecuación léxica ao tema, utilizando o rexistro apropiado.</i> ● <i>Resume textos diferentes sabendo distinguir as ideas principais das secundarias. Resposta sobre información xeral e específica referida a un texto determinado.</i>
Bloque 5	<ul style="list-style-type: none"> ● <i>Recoñecemento e valoración da lingua estranxeira como instrumento de comunicación internacional.</i> ● <i>Valoración do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas pertencentes a outras culturas.</i> ● <i>Respecto pola lingua inglesa en comparación coa galega.</i> ● <i>Es capaz de desenvolverse en xestións cotias por teléfono y comprende textos orais ou escritos, captando distintos valores culturais.</i> <p>Contidos sintácticos discursivos mínimos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - tenses: present tenses, past tenses, perfect simple tenses and future tenses - Conditional sentences: as long as, if, provided that, unless. - Time clauses; I wish and If only. - gerunds and infinitives. - Phrasal verbs - The passive ; the causative. - Modals; modal perfects. - Reported speech.

8. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1ºESO – 2ºESO – 3ºESO – 4º ESO

Os instrumentos que empregaremos para avaliar ao alumnado da ESO en cada avaliación serán:

- Tarefas realizadas polo alumnado na casa
- Traballo e esforzo diario do alumnado na aula
- Traballo sobre os libros de lectura obrigatoria
- Probas escritas que avalian a comprensión e expresión escrita e os coñecementos lingüísticos (gramática, vocabulario, estruturas e funcións da lingua)
- Proba de comprensión oral que avalia a comprensión de mensaxes orais emitidos polo profesor/a ou por medios audiovisuais.
- Proba de expresión oral que avalia a capacidade de comunicarse oralmente co profesor/a e compañeiros/as.

En canto as **probas específicas** mencionadas, realizaranse 2 por avaliación. Dado o carácter acumulativo dos contidos da materia na **avaliación continua**, non se realizarán probas específicas de recuperación por avaliación . Considérase unha avaliación aprobada cando a valoración global na posterior é igual ou superior a 5.

Avaliación trimestral: resultado da avaliación continua do trimestre

Avaliación final: resultado global de todo o proceso de avaliación.

O alumnado aprobará cada avaliación cando acade 5 puntos sobre 10 na suma das puntuacións das probas que se especifican a continuación.

PROBA DE GRAMMAR E VOCABULARY	50%
PROBA DE READING E WRITING	25%
PROBA DE LISTENING	10%
PROBA DE SPEAKING	10%
TRABALLO DE CLASE E CASA	5%

O alumnado aprobará a materia de inglés en todos os cursos da ESO cando acade 5 puntos sobre 10 na suma das puntuacións das probas da 3ª avaliación.

Ademais o alumnado deberá presentarse a todas as probas de cada unha das avaliacións para superar a materia.

Abandono da materia: Tanto na ESO como no Bacharelato

O Departamento de inglés considera que un alumno abandona a materia cando se dan dúas ou máis das seguintes circunstancias:

- Con moita frecuencia non trae o material.
- Con moita frecuencia non fai os deberes: ten gran parte do “workbook” sen facer ou a libreta sen apuntes ou exercicios.
- Con moita frecuencia négase a participar no desenrolo da clase.
- Deixa os exames case en branco, non superando de nota global un 2.

Promocionarase ao curso seguinte cando se superen os obxectivos das materias cursadas ou se teña avaliación negativa en dúas materias como máximo, e **repetirase** curso con avaliación negativa en tres ou máis materias, ou en dúas materias que sexan Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Matemáticas de forma simultánea.

Co fin de facilitar ao alumnado a recuperación das materias con avaliación negativa, organizaranse probas extraordinarias en cada un dos cursos.

O alumno/a poderá repetir o mesmo curso 1 soa vez e 2 veces como máximo dentro da etapa.

EXAME DE SETEMBRO

Na convocatoria de setembro ante a imposibilidade de realizar as probas de *listening* e *speaking* o alumnado deberá demostrar nunha proba escrita que avalía a comprensión e expresión escrita e os coñecementos lingüísticos (gramática, vocabulario, estruturas e funcións da lingua) que acadou os obxectivos mínimos do seu nivel fixados pola programación do departamento.

O alumnado deberá obter nesta proba unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 para acadar unha cualificación positiva.

1ºBACHARELATO

Os instrumentos que empregaremos para avaliar ao alumnado de 1º de Bacharelato en cada avaliación serán os seguintes:

- Tarefas realizadas polo alumnado na casa
- Traballo e esforzo diario do alumnado na aula
- Traballos dos textos de lectura obrigatoria
- Probas escritas que avalian a comprensión e expresión escrita e os coñecementos lingüísticos (gramática, vocabulario, estruturas e funcións da lingua)
- Proba de comprensión oral que avalía a comprensión de mensaxes orais emitidos polo profesor/a ou por medios audiovisuais.
- Proba de expresión oral que avalía a capacidade de comunicarse oralmente co profesor/a e compañeiros. (Por limitación temporal poderase substituír esta proba pola observación directa na aula)

En canto as **probas específicas mencionadas**, realizarase 1 por avaliación, pero irá acompañada de diferentes traballos que irá poñendo o profesor/a. Dado o carácter acumulativo dos contidos da materia na **avaliación continua**, non se realizarán probas específicas de recuperación por avaliación. Considérase unha avaliación aprobada cando a valoración global na posterior é igual ou superior a 5.

Aviación trimestral: resultado da avaliación continua do trimestre

Aviación final: resultado global de todo o proceso de avaliación.

O alumnado aprobará cada avaliación cando acade 5 puntos sobre 10 na suma das puntuacións das probas que se especifican no cadro seguinte:

PROBA DE GRAMMAR E VOCABULARY	40%
PROBA DE READING E WRITING	40%
PROBA DE LISTENING	10%
PROBA DE SPEAKING	10%

O alumnado aprobará a materia de inglés 1º BACHARELATO cando acade 5 puntos sobre 10 na suma das puntuacións das probas da 3ª avaliación.

Ademais o alumnado deberá presentarse a todas as probas de cada unha das avaliacións para superar a materia.

1º BACH -EXAME DE SETEMBRO

Na convocatoria de setembro ante a imposibilidade de realizar as probas de *listening* e *speaking* o alumnado deberá demostrar nunha proba escrita que acadou os obxectivos mínimos do seu nivel fixados pola programación do departamento. A proba constará dos seguintes apartados:

- Grammar and Vocabulary
- Reading Text
- Writing

O alumnado deberá obter nesta proba unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 para acadar unha cualificación positiva.

2º BACHARELATO

Os instrumentos que empregaremos para avaliar ao alumnado de 2º Bacharelato en cada avaliación serán os seguintes:

- Tarefas realizadas polo alumnado na casa
- Traballo e esforzo diario do alumnado na aula
- Traballos de lectura obrigatoria
- Probas escritas que avalian a comprensión e expresión escrita e os coñecementos lingüísticos (gramática, vocabulario, estruturas e funcións da lingua)
- Proba de comprensión oral que avalia a comprensión de mensaxes orais emitidos polo profesor/a ou por medios audiovisuais.
- Proba de expresión oral que avalia a capacidade de comunicarse oralmente co profesor/a e compañeiros. (Por limitación temporal poderase substituír esta proba pola observación de aula)

En canto as **probas específicas** mencionadas, realizarase 1 por avaliación, pero irá acompañada de varios traballos que irá poñendo o profesor/a. Dado o carácter acumulativo dos contidos da materia na **avaliación continua**, non se realizarán probas específicas de recuperación por avaliación. Considérase unha avaliación aprobada cando a valoración global na posterior é igual ou superior a 5.

Aviación trimestral: resultado da avaliación continua do trimestre

Aviación final: resultado global de todo o proceso de avaliación.

O alumnado aprobará cada avaliación cando acade 5 puntos sobre 10 na suma das puntuacións das probas que se especifican no cadro seguinte:

1ª AVALIACIÓN

PROBA DE GRAMMAR E VOCABULARY	40%
PROBA DE READING E WRITING	40%
PROBA DE LISTENING	10%
PROBA DE SPEAKING	10%

2ª E 3ª AVALIACIÓN

PROBA DE GRAMMAR E VOCABULARY	30%
PROBA DE READING E WRITING (PROBA TIPO SELECTIVIDADE)	50%
PROBA DE LISTENING	10%
PROBA DE SPEAKING	10%

O alumnado aprobará a materia de inglés 2º BACHARELATO cando acade 5 puntos sobre 10 na suma das puntuacións das probas da 3ª avaliación.

Ademais o alumnado deberá presentarse a todas as probas de cada unha das avaliacións para superar a materia

EXAME EXTRAORDINARIO

Na convocatoria extraordinaria de xuño, ante a imposibilidade de realizar as probas de *listening* e *speaking*, o alumnado deberá demostrar nunha proba escrita que acadou os obxectivos mínimos do seu nivel fixados pola programación do departamento.

O alumnado fará unha proba escrita que constará de:

- 1.- exercicios de gramática e vocabulario
- 2.- dúas probas tipo ABAU a elixir unha.

A puntuación total será de 10 puntos e o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 puntos para aprobar a materia.

8.1. Rúbricas

R.1

Rúbrica de avaliación da comprensión oral

Nota máxima 10 puntos

	10 / 9 puntos	8/ 7 puntos	6/ 5 puntos	Menos de 5 puntos
Escoita	Mantén unha atención constante durante a exposición.	Non se distrae durante a exposición das ideas principais.	Distráese de cando en vez.	Distráese continuamente.
Comprende	É quen de resumir correctamente o contido.	Resume o contido con expresión mellorable.	Capta o significado global pero ten dificultade para expresalo.	No capta o significado.
Xerarquiza	Distingue entre as ideas principais e as secundarias.	Distingue entre as ideas principais e algunhas secundarias.	Distingue a idea principal do texto.	Non distingue entre ideas principais e secundarias.
Contextualiza	Identifica a situación comunicativa e aporta argumentos.	Identifica a situación comunicativa pero non aporta argumentos.	Identifica con dificultade a situación comunicativa.	Non identifica a situación comunicativa.

R.2

Rúbrica de avaliación da comprensión escrita

Nota máxima 10 puntos

	10 / 9 puntos	8/ 7 puntos	6/ 5 puntos	Menos de 5 puntos
Identifica as ideas principais do texto.	Identifica a idea principal e pode expresala empregando as súas propias palabras.	Discrimina as ideas principais e secundarias tales e como aparecen no texto.	Recoñece frases ou oracións do texto aínda que non distingue entre a idea principal e secundaria.	Non identifica ideas principais nin secundarias nin entende a maioría das frases ou oracións do texto.
Localiza información específica nun texto, gráfica ou táboa.	Identifica información específica do texto, gráfica ou táboa sen axuda do docente.	Identifica o parágrafo ou as oracións onde se atopa a información demandada coa axuda do docente.	Aínda que le varias veces o texto, gráfica ou táboa, resúltalle complicado localizar a información demandada.	Non é capaz de localizar a información demandada.
Utiliza a información contida nun texto para desenvolver argumentos.	Argumenta o contido do texto baseándose nas súas ideas.	Expresa coas súas propias palabras o contido do texto.	Usa palabras ou oracións do texto para explicar o contido do mesmo.	Non é capaz de explicar o contido do texto.

R.3

Rúbrica de avaliación da expresión oral

Nota máxima 10 puntos

	10 / 9 puntos	8/ 7 puntos	6/ 5 puntos	Menos de 5 puntos
Expresión corporal	Orienta a postura cara a audiencia. Mantén o contacto ocular. Non amosa signos de nerviosismo.	Orienta a postura cara a audiencia. Frecuente contacto ocular. Amosa algún signo de nerviosismo.	Non orienta a postura cara a audiencia. Ocasionalmente mantén o contacto ocular e manifesta un nerviosismo evidente.	Non orienta a postura cara a audiencia. Non mantén o contacto ocular e manifesta nerviosismo evidente.
Aspectos paralingüísticos	Pronuncia con claridade e fluidez todas as ideas que expón. Volume e entoación adecuados. A velocidade facilita a comprensión.	Pronuncia con claridade e mostra fluidez pero con algunhas pausas e bloqueos. O volume e a entoación non son adecuados. A velocidade permite a comprensión.	Pronuncia sen claridade ou sen fluidez con continuos bloqueos ou pausas. O volume e a entoación son adecuados pero a velocidade dificulta a comprensión.	No é capaz de pronunciar con claridade e fluidez todas as palabras.
Contido	Mostra un amplo dominio dos contidos referentes ao tema. Organiza o tema de forma estruturada e toda a información que presenta está relacionada co tema.	Mostra un dominio adecuado dos contidos referentes ao tema. Presenta abundante información que se relaciona co tema. Organiza o tema sen diferenciar aspectos centrais e secundarios	Mostra un escaso dominio dos contidos referentes ao tema. Presenta moita información non relacionada claramente co tema. Non estrutura o tema pero si presenta unha mínima organización dos contidos.	Non mostra ningún coñecemento dos contidos do tema. A información non está directamente relacionado co tema. Non organiza o tema, nin o estrutura e tampouco o secuencia.
Soportes visuais se é o caso	A presentación está correctamente preparada e atractiva. Tamén está empregada axeitadamente durante a exposición.	A presentación recolle demasiado texto por cada diapositiva, no é suficientemente atractiva e a información debería estar repartida en máis diapositivas.	A presentación está elaborada incorrectamente ao resultar ilexible polo fondo utilizado, a posición das imaxes, a fonte, tamaño e cor da letra, etc.	Le o contido da presentación ou non presenta ningún soporte visual.
Aspectos gramaticais	Utiliza suficiente conectores do discurso e realiza mellor un esforzo notable para empregar estruturas sintácticas propias do rexistro que se demanda.	A pesar do esforzo por construír correctamente o discurso, hai algunha cuestión de estilo que afea o resultado ou repite os mesmos conectores do discurso.	Non utiliza en absoluto conectores do discurso ou as estruturas sintácticas usadas son pobres.	Emprega durante a exposición erros gramaticais evidentes (vulgarismos).
Aspectos léxicos	Utiliza un vocabulario amplo con terminoloxía propia do tema (mesmo tecnicismos), sendo capaz de diferenciar entre os diferentes rexistros se é o caso.	Utiliza un vocabulario limitado con deficiencias na comprensión e explicación da terminoloxía aínda que é quen de diferenciar os rexistros.	Utiliza un léxico pobre e pouco preciso saltando dun rexistro a outro sen ser quen de diferenciarlos.	Emprega palabras erroneamente ou confunde unhas con outras cometendo incorreccións léxicas graves ou vulgarismos.

R.4

Rúbrica de avaliación da expresión escrita

Nota máxima 10 puntos

	10 / 9 puntos	8/ 7 puntos	6/ 5 puntos	Menos de 5 puntos
Contidos	Reutiliza correctamente de forma rica e variada os contidos vistos.	Reutiliza correctamente os contidos pero fáltalle variedade.	É capaz de reutilizar só unha parte dos contidos, hai moitas repeticións e pouca variedade de vocabulario.	Omite moitos contidos vistos ou reutilizaos de forma incorrecta.
Respecto da consigna	Respecta o enunciado e desenvolve todos os puntos sen omitir nin engadir outros.	Non desenvolve ou faino de forma parcial un dos puntos do enunciado.	Non desenvolve ou faino de forma parcial dous dos puntos do enunciado.	Non desenvolve ou faino de forma parcial a metade dos puntos do enunciado.
Uso da lingua	Comete menos de tres erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía. Ten menos de tres faltas nos acentos.	Comete menos de cinco erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía.	Comete máis de cinco erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía.	Comete máis erros de gramática, conxugación, concordancia (xénero e número) e/ou ortografía.
Presentación e organización	A redacción está coidadosamente presentada, sen faltas de puntuación. As diferentes partes desenvólense de xeito coherente e cohesivo.	A redacción está coidadosamente presentada aínda que ten algúns fallos na puntuación. As diferentes partes desenvólense de maneira coherente aínda que a utilización de conectores é pobre.	A presentación da redacción é correcta, pero non coida a puntuación. Falta de coherencia na presentación dos contidos e o uso dos conectores é insuficiente.	A redacción está mal escrita. A caligrafía dificulta a comprensión. Hai moitos erros de puntuación, os contidos preséntanse de xeito incoherente e sen entre eles. Non utiliza ningún conector.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE				
	SEMPRE	A MIUDO	AS VECES	NUNCA
1.- Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos proposto.				
2. Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero conseguir e a finalidade das actividades , partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da súa utilidade e creando expectativas.				
3. Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolto de unha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os seus intereses.				
4. Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (búsqueda de información, traballos, investigación...)				
5. Cando comenzamos unha unidade nova, os alumnos/as coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles avaliará.				
6. As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real.				
7. En función das características de cada alumno/a, plantexo tarefas e logros diferentes.				
8. Emprego recursos e materiaiss variados para a aprendizaxe da materia.				
9. Propoño metodoloxías diversas.				
10. ¿Cómo organizo o grupo clase? (Expresa, por favor, en porcentaxe.)	a) Trabajo individual:		%	
	b) Parellas		%	
	c) Grupo pequeno		%	
	d) Gran grupo		%	

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Os alumnos con inglés pendente de cursos anteriores terán a oportunidade de presentarse a dúas probas nas que se incluírán todo os contidos impartidos nos distintos niveis no curso anterior.

O alumnado que aprobe a primeira proba non terá que presentarse ao segundo exame que terá lugar en maio. As datas das probas así como a materia obxecto de exame estarán expostas no taboleiro de anuncios.

Os obxectivos mínimos que os alumnos deberán acadar nestas probas serán os mesmos que os fixados para xuño nos distintos niveis da ESO e Bacharelato.

Para o alumnado da ESO con inglés pendente de cursos anteriores aparte da proba final o profesorado terá en conta o progreso, esforzo e traballo do alumno no presente curso académico.

11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Durante as dúas primeiras semanas de clase adicarase unha ou varias sesións a facer actividades de avaliación inicial que sirvan para comprobar en que medida o alumnado executa as competencias necesarias para o seguimento da programación.

Estas probas de coñecementos previos consistirán nuns tests que incluírán os contidos do nivel inmediatamente anterior. En xeral estarán baseadas nos contidos léxicos e discursivos, xa que se trata dunha proba curta e baseada nos contidos básicos e non poden reflectir todos os estándares.

Unha vez corrixidas as actividades de avaliación inicial atendendo aos criterios de cualificación, o docente contará cunha referencia para adecuar o nivel de esixencia dos estándares de aprendizaxe e as orientacións metodolóxicas ó nivel de competencias rexistradas no alumnado. Así mesmo contará coa información pertinente para, unha vez contrastada cos outros membros da xunta de avaliación inicial, decidir que medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade deberá aplicar.

Dado o carácter da aprendizaxe do inglés, que supón unha ampliación continua dos coñecementos do inglés, pero sen esquecer o aprendido anteriormente, farase sempre unha **Avaliación Inicial** ao comezo do curso en todos os grupos. Debido a diversidade dos alumnos é de vital importancia que o profesorado coñeza canto antes os puntos fortes e débiles de cada ún para saber en que situación se atopan os estudantes en relación cos contidos novos que se van a tratar. Os resultados destas probas proporcionaralle aos profesores información esencial sobre os seus alumnos e fará que estes se sintan máis valorados no seu novo curso.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria. O material empregado debe proporcionar a todo

o alumnado a posibilidade de acadar o éxito en relación ao seu propio nivel e capacidade. O alumnado é moi diverso:

- en canto a súa creatividade e imaxinación.
- a facilidade para despertar a súa curiosidade.
- a capacidade ou incapacidade para organizar e analizar a súa propia aprendizaxe.
- a capacidade de entender as vantaxes de traballar de forma cooperativa na clase.
- a coherencia na expresión na súa propia lingua.
- a necesidade de entender todas as palabras dun texto para comprendelo.
- o gusto pola lectura como forma de ocio na casa.
- a algúns gústalles e a outros desgústalles expresar o que senten.

Tendo en conta as características do noso alumnado as medidas de atención a diversidade que poñeremos en funcionamento serán as seguintes:

1.- Simplificacións e reforzos das actividades para o alumnado con certas dificultades e actividades de ampliación para aqueles que están por riba da media.

- O libro de texto de cada curso inclúe proxectos que permiten expresarse de forma creativa a estudantes con dificultades e a aqueles cun bo nivel de inglés.

- O profesorado proporcionará actividades extra para aqueles alumno/as con dificultades que deberán traballar máis a fondo os contidos básicos e actividades máis avanzadas para aqueles que superen o nivel medio do grupo.

- Haberá actividades de reforzo que proporcionarán unha práctica complementaria de aspectos lingüísticos que a meirande parte do alumnado xa ten traballado e entendido

2.- Adaptacións Curriculares. Tan pronto como se detecte alumnado con dificultades especiais na aprendizaxe, o profesorado elaborará adaptacións do currículo para tratar de favorecer a consecución das competencias básicas e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

13. ELEMENTOS TRANVERSAIS

ESO

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos

A lingua inglesa, como reflexo dunha realidade sociocultural, fomenta nos alumnos a reflexión sobre este tema, a través de termos que fan referencia ás persoas sen especificar o sexo: *friend, parents, children, cousin, student e teenager*.

Nin os personaxes principais nin a xente da que tratan os textos mostran características distintas polo feito de ser rapaces ou rapazas, homes ou mulleres: todos eles fan deporte, preocupáanse pola súa dieta e pola súa saúde, triúnfan nas súas respectivas profesións, participan nos labores do fogar, etc.

Educación moral e cívica

O material do curso móstralle ao alumno aspectos da vida cotiá nos que é necesario respectar unhas normas básicas, e adoptar actitudes positivas e solidarias para a convivencia en sociedade. Inclúense contidos como a organización de pobos e cidades de distintas zonas do mundo, o

respecto pola xente coa que convivimos e co medio natural no que nos desenvolvemos, as normas de comportamento dos lugares que frecuentamos, etc.

Educación para a paz

Na loita por alcanzar un mundo sen conflitos nacionais e internacionais, é fundamental inculcarlles ás novas xeracións o respecto por sociedades e culturas distintas á propia. Debemos mostrar a realidade plural do Reino Unido, e amosala como modelo de convivencia harmónica, ao coincidir nacionalidades diferentes e contar cunha numerosa poboación de orixe asiática e afrocaribeña, de razas e crenzas diferentes.

A contribución de homes e mulleres de diferentes partes do mundo ao acervo cultural e ao progreso pacífico da humanidade serve para reforzar a idea dun mundo que pode desenvolverse sen recorrer á violencia para solucionar os seus conflitos.

En canto aos contidos específicos, trátanse cuestións como a relación coa familia e cos amigos, a comunicación en linguas e códigos de comunicación distintos ao propio, o respecto por culturas, razas e crenzas diferentes, a música como medio de entendemento entre os mozos, as achegas de diversos países á cultura e ao progreso da humanidade, entre outros.

Educación para a saúde

Utilizando a lingua estranxeira como vehículo, os alumnos reflexionan sobre aspectos que inciden no mantemento dun bo estado de saúde, tanto física coma mental. O material tamén contribúe a desenvolver este tema por omisión, non mencionando ou reflectindo actitudes negativas para a saúde, por exemplo o abuso do tabaco ou do alcohol.

O material do curso inclúe contidos como as características anatómicas do corpo humano, o deporte, os hábitos alimenticios adecuados ou a forma de ocupar o tempo libre de cada cal.

Educación ambiental

Ao longo do curso resáltase a necesidade de respectar o ambiente, reflexionando sobre o papel que o medio natural xoga no equilibrio ecolóxico do planeta, e as accións que poden danalo. Esta reflexión é unha chamada de atención sobre situacións, provocadas polo home e prexudiciais para el, que é preciso corrixir, e pretende espertar nos alumnos unha maior conciencia ecolóxica. Por citar algúns dos contidos que se desenvolven, destacaremos os referentes ao hábitat de diversas especies animais, os medios de transporte que respectan o contorno natural ou as características físicas de distintas zonas do mundo.

Educación sexual

A educación sexual recibe un tratamento axeitado á idade dos alumnos desta etapa formativa. Personaxes masculinos e femininos cos que poden identificarse facilmente relaciónanse con naturalidade e sen inhibicións, participan xuntos en actividades de tempo libre e axúdanse uns a outros. Os contidos de educación sexual, xunto cos de igualdade de oportunidades de ambos sexos, axudarán os alumnos a conseguir un equilibrio psicolóxico adecuado nas relacións con membros do sexo oposto, levándoos a desenvolver unha sexualidade sá e aberta. Son contidos desta área as relacións e a correspondencia entre adolescentes de ambos sexos, así como a igualdade entre eles en todos os ámbitos.

Educación do consumidor

A reflexión sobre este tema desenvólvese a partir de situacións próximas aos adolescentes desta idade: tomar algo nunha cafetería, comprar roupa ou ir de viaxe. As situacións formuladas

conducen a unha reflexión sobre o hábito de consumir e a importancia de facelo de xeito sensato, comprando aquilo que necesitamos sen malgastar nun desmedido afán de consumo.

Educación vial

Tamén este tema transversal se trata de forma integrada no material do curso, a través de imaxes que reflicten un comportamento cívico dos personaxes á hora de circular por vilas e cidades, e o hábito de recorrer ao transporte público e á bicicleta para viaxar cando lles resulta posible.

BACHARELATO

Educación ambiental.

Aprender a amar e respecta-la natureza.

Ser conscientes de que hai que a defender, e coñece-los medios que se poden empregar a tal fin.

Cooperación internacional

Reflexionar sobre a importancia da cooperación internacional, isto é, a axuda entre os distintos países.

Desenvolver un espírito crítico fronte a estes temas.

Educación para a saúde.Educación sexual

Reflexionar sobre a importancia das relacións humanas.

Reflexionar sobre a importancia da educación sexual.

Coñecer o tratamento destes temas noutras sociedades distintas da propia.

Educación moral e cívica

Coñecer o sistema educativo propio e doutros países.

Reflexionar sobre o dereito de todas as persoas á educación.

Reflexionar sobre distintos aspectos humanos.

Aprender a reflexionar sobre as implicacións morais e humanas das accións propias e dos demais.

Coñecer outras culturas.

Respectar outros xeitos de vida.

Educación para a igualdade

Aprender a traballar en equipo, respectando as opinións, raza, sexo e relixión dos outros.

Reflexionar sobre a actual situación social española, no que se refire ó campo de inmigracións.

Respectar as culturas distintas da propia.

Aprender a convivir.

Coñecer a situación doutros países.

Educación do consumidor

Reflexionar acerca da sociedade de consumo.

Aprender a ser consumidores.

Saber enfrontarse a unha sociedade na que imperan os devanditos valores.

Facer consciente ó alumnado do bo uso que se pode facer deses medios.

Educación vial

O transporte público en Inglaterra. As normas de conducción.

Educación para o espírito europeo.

Reflexionar sobre a importancia do coñecemento dos distintos países que forman a Comunidade Europea.

Reflexionar sobre a importancia de coñecer a súa historia e maila propia.

Reflexionar sobre a importancia das boas relacións entre os distintos países membros.

14. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTOR LECTOR DO CENTRO

A formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura é unha actividade cotiá na materia de lingua estranxeira inglés.

Ao longo da ESO e Bacharelato fomentase a lectura e, fundamentalmente, o uso de estratexias de comprensión lectora a través do uso de textos relacionados con temas do interés do alumnado e favorecese a lectura como forma de obter información e ampliar coñecementos .

Cada unidade didáctica do STUDENT'S BOOK ofrece 2 textos que se len de forma presencial na aula facendo actividades de vocabulario, verdadeiro-falso, responder preguntas, secuenciar feitos, etc que aseguran a súa comprensión. O WORKBOOK tamén presenta alomenos un texto que o alumnado lerá na casa a modo de reforzo ou afianzamento levando a cabo actividades semellantes ás feitas na aula. Estas tarefas son logo revisadas en clase.

En todos os niveis da ESO o fomento da lectura entre o alumnado está baseado no uso de LECTURAS GRADUADAS en inglés adaptadas ao seu nivel e que teñen como obxectivo desenvolver o hábito lector e apreciar a lectura como fonte de pracer e disfrute. En todos os cursos da ESO o alumnado lerá alomenos 2 libros, un no 2º trimestre e outro no 3º trimestre. Cada estudante pode elixir o libro entre máis de 40 títulos de cada nivel, dependendo dos seus gustos e intereses. Terá que facer un sencillo traballo sobre a lectura incluíndo a súa propia opinión, o que lle gustou ou non e se o recomenda a outros. Aqueles estudantes que teñen serios problemas de aprendizaxe desta lingua quedan exentos destas lecturas. E aqueles a quen lles gusta ler poden ler de forma voluntaria todos os libros que desexen e terase en conta para a nota final. Non terán que facer ningún traballo sobre esas lecturas, só un breve comentario oral co profesor.

Nos cursos de BACHARELATO usaranse textos diversos en vez das lecturas graduadas.

Hai COMICS, XORNAIS e REVISTAS na biblioteca a disposición de quen estea interesado e levaranse a aula para traballar con eles cando o profesor o considere oportuno.

Todas as aulas contan con DICIONARIOS que se empregarán en algunhas actividades co fin de que aprendan a úsalos. Tamén se usarán dicionarios dixitais no ordenador ou móbil.

Os TEXTOS PROPIOS creados polos alumnos/as poden ser lidos polos compañeiros/as de clase, desde folletos, contos, narracións, comics, poemas...

Por suposto INTERNET será un recurso útil, desde letras de cancións ata calquera outra actividade proposta polo profesor/a ou un estudante.

Nestes 2 últimos cursos académicos moitos estudantes de 2º, 3º e 4º da ESO mantiveron correspondencia con alumnado de New York, o que supoñía ler cartas escritas por nativos da súa idade e que en moitos casos logo continuou en redes sociais. Intentaremos continuar con esa experiencia.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Neste momento o departamento de inglés ten programada a asistencia a unha actividade de *storytelling* en galego-inglés para o 1º trimestre para todo o alumnado da ESO e 1º de Bacharelato.

Desde hai xa 2 anos o alumnado de 3º e 4º mantén correspondencia con estudantes de New York.

16. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC((ESO)/ ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO TIC(BACH)

Desde a materia de lingua estranxeira inglés a contribución á competencia no tratamento da información e a competencia dixital vai ser fundamental. O tratamento de información vaise traballar desde a nosa materia como un contido específico a través de actividades que requiran do alumnado o manexo de fontes informativas en distintos soportes e o seu procesamento e presentación posterior. Da mesma maneira a contribución á competencia dixital vai ser continua, desde o uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, correo electrónico, foros ... pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, CDroms, DVD, Internet ... ata o uso de distintos recursos para a aprendizaxe do inglés: programas de software específicos, páxinas web con xogos ou calquer outro tipo de actividade que favoreza a aprendizaxe da lingua estranxeira , dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

Co obxectivo de formar cidadáns competentes no uso das tecnoloxías da información e tendo ademais en conta que o inglés é a lingua de comunicación habitual en Internet fomentárase desde o 1º curso de ESO o uso das TIC de xeito progresivamente autónomo para buscar información, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas en inglés con persoas procedentes de outros países .

Intentárase que o alumnado siga con programas de intercambio de correspondencia que tan bo resultados dou nestes 2 últimos anos e que logo pasou ao uso das redes sociais en inglés.

17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Este departamento avalía a programación do seguinte xeito.

- A principio de curso e antes de ser enviada a Inspección o departamento revisa a programación.
- Mensualmente revisamos a temporización da programación así como a secuenciación e a profundidade dos contidos impartidos nos distintos grupos, adaptando esta diversidade ao alumnado.
- Ao rematar cada avaliación, isto é cada trimestre, revisamos a temporización, secuenciación, os contidos e os resultados de dita avaliación, así como o grao de consecución dos obxectivos propostos na programación e a adquisición das competencias.
- Ao final de curso, estudiamos e revisamos máis en profundidade a temporización, a secuenciación, así como o grado de cumprimento de obxetivos e de adquisición de competencias. En caso de haber algunha incidencia estudiarase e anotarase as modificacións pertinentes na memoria final do departamento e teranse en conta á hora de facer a programación do seguinte curso.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación da programación farase de maneira sistemática nas reunións de departamento que se celebran ao longo do curso. Os profesores informarán do seguimento da programación e de se consideran preciso facer algunha modificación para adecuala ao alumnado dos distintos grupos

Para a avaliación do proceso de ensinanza - aprendizaxe empregarán os seguintes indicadores:

En relación coa programación
1. Contempla os obxectivos xerais de área, os contidos, os criterios de avaliación.
2. Son coherentes en canto a cantidade e contido os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
4. Define os criterios metodolóxicos.
5. Define os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.
6.- Contempla medidas ordinarias de atención á diversidade.
7. A programación é coherente co proxecto curricular.
8. A programación es independente dunha opción editorial.
9. A programación toma en consideración a utilización das TIC.
En relación cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación
1. Os obxectivos xerais de área fan referencia aos obxectivos xerais da Etapa
2. Están contextualizados en relación co nivel de desenvolvemento e de competencia do alumnado.
3. Contempla obxectivos e contidos.
4. Os contidos están organizados e categorizados en función de bloques temáticos.
5. As unidades de traballo desenvólvense en espazos de tempo amplos.
6. A secuenciación dos contidos facilita o recordo e o repaso.
7. Establece uns mínimos de suficiencia nos criterios de avaliación.
8. As actividades desenvolven suficientemente os diferentes tipos de contido.
9. As actividades favorecen o desenvolvemento de distintos estilos de aprendizaxe.
10. As actividades favorecen o desenvolvemento da creatividade.
11. As actividades deseñadas toman en consideración os intereses do alumnado e resultan motivadoras.
En relación coa metodoloxía
1. O profesorado habitualmente introduce o tema.
2. O profesorado orienta individualmente o traballo dos alumnos.
3. O alumnado sigue a secuencia de actividades dun texto escolar.
4. Utilízanse materiais de elaboración propia.

5. Parte das actividades realízanse en grupo.
6 A distribución da clase facilita o traballo autónomo.
7. A distribución da clase modifícase coas actividades.
8. O tempo da sesión distribúese de maneira flexible.
9. Utilízanse unidades de tempo amplias y flexibles.
10. O traballo da aula armonízase co traballo de casa.
11. A actuación docente na aula guíase por un enfoque globalizador o interdisciplinar.
12. A actuación docente intenta aproveitar ao máximo os recursos do Centro.
AVALIACIÓN
1. Valora o traballo que o alumno desenvolve na aula.
2. Valora o que fai na casa.
3. Avalíase o proceso de aprendizaxe de maneira directa e a través dos materiais de traballo do alumno.
4. Vai dirixida aos diferentes tipos de contidos.
5. O procedemento de corrección facilita a identificación inmediata dos erros.
6. Prográmanse actividades para ampliar e reforzar.
7. ao alumnado e as súas familia coñecen os criterios de avaliación e cualificación.
8. As sesión de avaliación son suficientes e eficaces.
9. Avalíase periodicamente a programación.
10. A avaliación é continua.
11. Os resultados das probas de avaliación confirman as conclusións da avaliación continua.
12. Os resultados das probas de avaliación estandarizada confirman as conclusións das probas de avaliación.

En Santiago a 18 de decembro de 2019

EMILIA TOBA QUINTÁNS

M^a ISABEL MATO TORRES
XEFA DE DEPARTAMENTO

SANTIAGO CONDE SANTOS

